CAPÍTULO IV.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO ESPECÍFICAS.(REGULAMENTO DE USO)

Artigo 8.- Ximnasio: Condicións de uso e prohibicións

8.1.- Por motivos hixiénicos é obligatorio levar unha toalla para realizar os exercicios nos distintos aparatos que sexan utilizados.

8.2.- Debe facerse un uso adecuado das máquinas, en caso de dúbida, preguntar ó persoal encargado.

8.3.- O usuario/a deberá respetar o material da sala e colocalo non seu sitio unha vez que remate o seu uso.

8.4.- O usuario/a debe deixar a máquina ou o aparato a utilizar entre series, de xeito que permita unha rotación a outros usuarios/as.

8.5.- No caso de que estén persoas esperando debe respetar o tempo de limitación estipulado para as máquinas de traballo cardiovascular e musculación. (Sendo éste nas máquinas de cardio de 30 min)

8.6.- A capacidade máxima do ximnasio é a do mesmo número de máquinas coas que conte o ximnasio.

8.7.- Non está permitida a entrada no ximnasio a menores de 16 anos agás estean a participar nun programa dirixido polo Concello de Malpica de Bergantiños.

8.8. Para ser usuario/a do ximnasio esíxese ter cumpridos os 18 anos. En caso de estar entre os 16 e 18 anos esixirase autorización por escrito dos pais ou titores.

8.9.- Non se permite a entrada á sala con mochilas, botellas de cristal e comida.

8.10.- Non se pode acceder á sala co mesmo calzado que se utilice para acceder dende o exterior, e deberá ser sempre calzado deportivo, non podendo realizar ninguna activiade sin camiseta.

8.11.- A requerimento do persoal da instalación o suario/a terá a obriga de identificarse mediante o carné